


## VII Ciclo de Música de Cámara

# Petiscos Musicais



(Debuxo: Laura Vázquez Vázquez)

## Presentación do Ciclo

No ano 2015 Fundación Vicente Risco encetou unha nova actividade da man da profesora de piano Cristina Vázquez Canal. Estamos a falar dos Petiscos Músicais, un ciclo anual de catro concertos (un por cada estación do ano) que tivo unha gran acollida entre os amantes da música de cámara. Motivo que nos animou a programar unha nova tempada, da que achegamos avance de programa.

Lembramos que a capacidade da sala do piano é de trinta e cinco (35) persoas, pero pola normativa COVID-19 este ano o aforo será de 15 persoas, polo que a inscrición será por rigorosa solicitude e pago do correspondente abono na conta da Fundación Vicente Risco.

A doazón mínima para o abono dos catro concertos é de 40,00€. Conforme á Lei do Mecenado os beneficios da exención fiscal no caso de empresas é o 35% e nos particulares o 25%.

Lembramos que co fin de dar uso ao piano, e con independencia de que se poidan organizar outros concertos puntuais, valoramos a posibilidade de que alumnos de piano que desexen practicar acompañados do seu profesor, poderán usar o piano. Aquelas persoas

que colaboren cunha doazón poderán propor un alumno, aínda que non queiran adquirir os bonos para os concertos.

### NORMAS COVID-19

- O público asistente deberá levar unha mascarilla para a súa protección e non poderá quitala durante o concerto.
- O público intentará entrar e saír da sala de concerto mantendo a distancia de seguridade e seguindo as instrucións para entrada e a saída que se lles indiquen.

Para maior seguridade haberá xel hidroalcohólico a disposición do público asistente.

Agradecendo de antemán a súa atención,  
ecíba un cordial saúdo.

Padroado da Fundación Vicente Risco.

**Organiza:** Fundación Vicente Risco.

**Coordina:** Cristina Vázquez Canal, profesora de piano do CMUS Xinzo de Limia.

## I CONCERTO

Sábado, 13 de marzo de 2021, ás 20:00 h.  
Sala de piano da Fundación Vicente Risco.

*Naiadma*

*Alberto Vilas* (compositor e piano)



## III CONCERTO

Sábado, 25 de setembro de 2021, ás 20:00 h.  
Patio interior da Fundación Vicente Risco.

*Dúo Senso*  
*Alejandro* (acordeón)  
*Virginia* (violoncello)

## II CONCERTO

Sábado, 12 de xuño de 2021, ás 20:00 h.  
Patio interior da Fundación Vicente Risco.

*Roberto Iglesias*  
*Carlos Cortés*

Dúo de trompetas



## IV CONCERTO

Sábado, 11 de decembro de 2021, ás 20:00 h.  
Sala de piano da Fundación Vicente Risco.

*Adrián País Abuín*  
(saxofón)

Alberto Vilas, *piano*

## NAIALMA

É o primeiro traballo en solitario de Alberto Vilas, o máis íntimo e persoal, con temas que foron crecendo dentro de el ao longo do tempo e que agora saen como do ventre dunha nai. Por isto titúlase Naialma, xogo de palabras que remite ás denominacións galegas de nai e alma.

Este proxecto musical foi concebido para se amosar en espazos onde o silencio natural enmarque a obra, carballeiras, atrios, mosteiros ou prazas particulares, lonxe do ruído, lugares escollidos pola súa intimidade, como a música de Alberto, gravada por el mesmo, no seu Yamaha-C7, no seu estudo, na súa casa e sen cortes, cada peza dunha soa vez. Así o quixo.

Alberto Vilas estudou piano no Conservatorio Profesional de Vigo con Chan-Rok Moon, composición con Carlos Cambeiro, perfeccionou a técnica con M<sup>a</sup> Jesús Crespo e Luíz de Moura. Entregado á música dende os 15 anos, vai aderezando tramas e texturas, cor e armonías.

Até agora, gravara a súa obra dentro de diferentes formacións de jazz, xénero ao que adica varios anos de aprendizaxe no Seminario de Jazz de Pontevedra e en numerosos cursos de especialización . En 2011 publica “EXPERIANZA”, en 2014, CRÓNICA CROMÁTICA e dous anos despois “UBUNTU”.

Forma parte dende 1988 do grupo Tangata, fundado polo bandoneonísta Artigas Anelo, e integrado polo violinista David Veiga, o contrabaixista Gustavo A. Barcia, e do que formou parte durante 25 anos a violinista Laura Quintillán. Gravaron catro cds : “COMO EN OCTUBRE”, “TRECE”, “CALAMBRE” e en 2018 presentaron seu último traballo: 30 AÑOS, un longo percorrido pola historia do tango.

Co tubista Eduardo Nogueroles grava obras clásicas de P. Hindemith, B. Broughton, A. Plog e E. Crespo.

É autor das bandas sonoras de varios documentais: “O Imperio Textil”, de Fernando Carreira; “Un Rebelde de Aceiro”, de Manolo Barros; “Ángel” dedicado ao pintor e restaurador redondelán Ángel Barros; e “Semitonos”, de Pancho Salmerón, sobre a obra do pintor Fernando Morales.

Colaborou en discos de artistas moi diversos como a cantante Uxía, a quen tamén acompaña moitas veces en vivo; a cantante Sonia Lebedinsky; Magín Blanco; o polifacético actor e titiritero Tatán; o gaitero Xulio Lorenzo e o cantautor galego Tino Baz. Últimamente, puxo o seu piano ao servizo do mito portugués Vitorino.

ALBERTO VILAS tiña NAIALMA lista para se presentar na primavera de 2020, e tivo que retrasar a estrea deste traballo pola pandemia. Pero durante os cincuenta días que durou o encerro non deixou de compor. Pezas urxentes, ao fío do estado de ánimo dos confinados. Unha composición nova cada día, até 50 pezas que ía colgando a diario nas redes sociais baixo o título “CUADERNO DE BITÁCORA”.

<https://www.youtube.com/user/9651alberto>

Máis agora, chegou xa o momento de dar a coñecer NAIALMA. Anos de memoria persoal que ven finalmente a luz a través deste traballo en solitario de Piano Solo.

## Roberto Iglesias Rey, *trompeta*

Nace en Ourense en 1980, as súas primeiras nocións musicais as recibe a temprana idade de 6 anos co profesor e compositor Alejandro Del Río, anos máis tarde cursa os seus estudos oficiais no Conservatorio Profesional de Música de Ourense obtendo o título Profesional de Música na especialidade de trompeta, logo se traslada A Coruña onde obtén a licenciatura na especialidade de trompeta no Conservatorio Superior de Música.

Recibiu clases e asistiu a cursos de perfeccionamiento con profesores como: Juan Carlos Igea, Jose Vicente Navarro, Andres Vales, Javier Simó, Maurice André, John Aigi Hurt, Enrique Rioja, Benjamín Moreno, Mireia Farrés, Spanis Brass Luur Metals, Francisco Cano Ruíz.

Colaborou coa Orquestra Sinfónica de Viana do Castelo, A Orquestra do Teatro Lírico de Barcelona e A Banda de Música Municipal de A Coruña con esta última formación na grabación do disco 60 Aniversario Groba.

No eido da docencia impartiu clases nas Escolas Municipales de Chantada, Barbadás e no Conservatorio Municipal de Celanova.

Na actualidade dirixe a Escola Municipal de Música de Coles (Ourense), a Escola de Música Kontrapunto e cursa estudos de dirección de Banda na EGADIB e de Orquestra e Coro no Centro Superior de Música de Galicia.

## Carlos Cortés González, *trompeta*

Nado en Carballedo (Lugo) é licenciado na especialidade de Trompeta polo Real Conservatorio de Música de Madrid e Máster en Interpretación Musical pola Universidade Internacional de Andalucía.

Colabora asiduamente con diversas formacións musicais de toda Galicia. No eido sinfónico ten sido invitado por formacións como a “Joven Orquesta de la Comunidad de Madrid”, Orquesta del Proyecto Xenakis, Orquesta Filharmonía (en xira co Ballet Nacional Ruso) Orquesta Sinfónica de Madrid, Bilbao Orkestra Sinfonikoa, Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Orquesta Filharmónica de Málaga ou a Real Filharmonía de Galicia.

Traballa habitualmente co grupo especializado en música contemporánea Vertixe Sonora Ensemble.

Foi tamén trompeta solista do musical de Broadway “Los Miserables”, durante a xira de case dous anos polos principais escenarios da península.

No ámbito do ensino, destacar a labor como mestre da Escola de Música Municipal de Chantada (Lugo) ou do Conservatorio Profesional de O Carballiño (Ourense).

## Dúo Senso

Formase no Festival de Música de Cámara de Piantón. É unha formación pouco común Alejandro Ares ao Acordeón e Virgínia del Cura ao Violonchelo, cun forte compromiso coa música española e hisnoamericana así como ca creación musical do noso tempo.

## Alejandro Ares, *acordeón*

Formado no Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias (Profesor Diego González) coas máis altas calificacións e Licenciado en Historia y Ciencias da Música pola Universidade de Oviedo. Comeza a súa formación a temprana idade buscando a súa continua evolución nos consellos dalgúns dos máis destacados concertistas internacionais do seu instrumento como Ángel Luis Castaño, Mika Väyrynen, Claudio Jacomuci, etc.

Actúa en diferentes países da xeografía europea coa orquestra de acordeóns Amanecer (El Franco, Asturias) e como solista no Auditorio Príncipe Felipe (Oviedo), Centro Cultural Cajastur, Auditorio de la Escuela Municipal de Música, Teatro, y Danza de León, Teatro Jovellanos (Gijón), tamén colaborou coa Orquesta Sinfónica de Gijón (OSIGI) compartindo escenario con artistas como Yuri Zhislin u Óliver Díaz ou a Banda Sinfónica del CONSMUPA dirixida por Johan de Meij.

Foi galardoado co 1º Premio no 53º Certamen Nacional de Acordeón, na categoría Senior Clásica celebrado en Ourense en xulio do 2010, e foi finalista no 9º Certamen Nacional de Interpretación Intercentros-Melómano celebrado en Madrid en decembro de 2010.

A súa experiencia discográfica vese reflexada en traballos para a Unión de Acordeonistas.



(UNAC), The Recording Consort-Galaica Música, Amstel Classics, etc.

É invitado a diferentes festivais de música entre os que destacan “Primaveras Musicales.

Pejinas” 2012, donde estrena a Cantata para coro, set de percusión y acordeón “Génesis”.

de Israel López Estelche (Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM), I.

Festival de Música Contemporánea de Ponferrada Plectrum, Semana Cultural de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Oviedo, etc

Os seus programas abarcan transcripcións e adaptacións de distintos estilos musicais, música contemporánea orixinal para acordeón ou músicas do mundo, ofrecendo así una visión ampla para públicos variados y pondo en valor o desenvolvemento do acordeón como instrumento culto.

Actualmente compaxina a súa actividade como concertista coa docencia no Conservatorio Profesional de Xinzo de Limia (Ourense).

## Virginia del Cura, *violonchelo*

É natural de A Coruña. Comezou os seus estudos musicais no conservatorio profesional de dita cidade, onde acabou con matrícula de honra en música de cámara. Máis tarde, mudouse a Salamanca a estudar con Marius Díaz no Conservatorio Superior de Castilla e León, onde alcanzou a mención de honra de fin de carreira. Este ano acabou o Master de interpretación en Codarts, Rotterdam con Jeroen den Herder. Mentras tanto, no 2012, foi aceptada e becada en Banff centre, unha residencia artística de Canadá onde tivo a posibilidade de traballar con profesores da talla de Raphael Wallfisch o Collín Car. Durante estes anos, Virginia puído traballar con chelistas como Gavriel Lipkind, Asier Polo, Herre Jan Stegenga ou Pieter Maintz (postgrado en Zaragoza), entre outros. Virginia gañou xunto co seu cuarteto de corda o segundo premio de música de Cámara Caixa Nova, cando aínda estudiaba na Coruña. Dende entón, a súa traxectoria camerística foi en ascenso. Tocou co seu trío na Radio Nacional de España (Música Joven), participou no Festival Mendelssohn de Hamburgo, en Haagse Kammermuzik Festival en La Haya. Colabora habitualmente co Doelen ensemble, en Rotterdam. Participou tamén a nivel nacional no Festival de música de cámara de Piantón, en Asturias, e no Festival Groba, en Ponteareas, Galicia. En maio, conseguiu o segundo premio no Concurso Internacional de Cello “Luthiers Clar” e uns meses antes o primeiro premio na categoría de Jazz de Princess Christina Competition en Amsterdam, xunto con Raquel Kuperstein. Por outra banda, aínda tendo unha paixón innegable pola música de cámara traballou moito en orquestra. É membro da Mahler Jugendorchester, Orquestra Nacional de Holanda, pasou tamén pola “Joven orquestra Nacional de España” e “Orquestra Xoven” de Galicia. Ademais, colaborou de forma profesional coa “Orquestra da Sinfónica de Galicia” e a “Orquestra de Castilla y León”. No 2016 construíu un Arpeggione, instrumento histórico da Viena do século XIX. co que pretende chegar ao público coa súa interpretación histórica da sonata Arpeggione de Schubert e atraer a novos compositores para crear obras para este xa obsoleto instrumento. Actualmente traballa na Orquestra Sinfónica de Castilla y León.

## Adrián País Abuín, *saxofón*

Nace en Rianxo (A Coruña) onde comenza os seus estudos de música con Rafael Collazo e José Fungueiriño Ramos. Realiza á vez cursos de perfeccionamiento e masterclass con mestres da talla de Jean Marie Londeix, Claude Delangle, Marie Bernadette Charrier, entre outros.

Asiste tamén a conferencias de grandes músicos e musicólogos como Françoise Rossé, Romá Escalas, Miguel Ángel Marín, Sergio Blardony, Xavier Carbonell, Mauricio Sotelo, Alberto Posadas, Miguel Asensio, Arno Bornkamp, Jean-Marie Londeix ou Patxi Larrañaga.

Tras finalizar os seus estudos superiores de música no Conservatorio Superior das Islas Baleares e debido o seu interese polas novas correntes de hoxe ingresa no Conservatorio “Jacques Thibaud” de Burdeos na clase de Marie-Bernadette Charrier e Hilomi Sakaguchi así como na clase de música de cámara contemporánea. Durante esta etapa asiste tamén asiduamente xunto a Jean Marie Londeix facendo un traballo paralelo do repertorio clásico orixinal para saxofón.

No verán de 2009 obtén o 1º premio do concurso internacional de saxofones de Santiago de Compostela, gaña o concurso “Gran Prix” celebrado en Palma de Mallorca e interpreta como solista la Ballade para saxofón alto e orquestra de Frank Martin coa orquestra do conservatorio superior das Islas Baleares. Ademais é galardoado en máis dunha decena de concursos tanto a nivel nacional como internacional nos que destacan o “38º Concurso de música de cámara Club Lyceum de Lausanne” (Suíza), os premios na 10º e 11ª ediciónes do Concurso Internacional de música de cámara “Montserrat Alavedra” ou o premio “Creación INJUVE 2012 Interpretación musical” de música clásica.

Pertence a Art Sound Quartet, colabora con diversas agrupacións coas que realiza concertos por toda a xeografía española, así como en Francia, Alemania, Suíza, Estonia, Suecia ou Portugal. Cabe resaltar o traballo discográfico

“Capriccio” no 2012 co que reciben numerosos recoñecementos así como tamén a participación nos Cds do concurso Monserrat Alavedra grabados en directo durante as finais dos anos 2010 e 2012.

É profesor na “Saxophone Academy Art Sound Quartet” que se celebra en Madrid e na que participan diversos saxofonistas da talla mundial como profesores invitados. Tamén é invitado en 2013 ó Conservatorio Superior de Jaén o “Mallorca Saxophone Festival” no 2012 no Conservatorio Superior das Islas Baleares. Adrián Pais tamén participa como profesor no “IV Encontro Galego do Saxofón” en 2012 así como en cursos de saxofón en Rianxo e Catoira (Galicia) nos anos 2011, 2012 y 2013. Este mesmo ano é invitado ó Conservatorio Superior de A Coruña, ó Conservatorio Superior de Jaén y al Conservatorio Profesional de Culleredo ademáis do “X Encontro Galego do Saxofón”.

Actualmente realiza un traballo de creación xunto a compositores e artistas de hoxe sendo dedicatario de diversas obras e participando este mesmo ano en distintos festivales como o “Festival Mixtur” de Barcelona dónde estrena Sikuri IV de Juan Arroyo ou o festival “Rencontres” de Burdeos no que estrena Paraíso de Matías Far. Tamén realiza concertos como solista de distintas formacións de música de cámara.

